

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 18 de abril de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.10 horas do día dezaioito de abril de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(492).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 4 e extraordinarias e urxentes do 6, 7 e 8 de abril de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(493).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1371/13.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 7.04.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a Purificación Martínez Domínguez. Expte. 1371/13.

3(494).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

A)AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 219/2004 P.O. DEMANDANTE: MIRAFLORES VIGO S.A. OBXECTO: RESPONSABILIDADE CONTRACTUAL POR INCUMPRIMENTO DO CONVENIO URBANÍSTICO. AUTO RESOLUTORIO DO INCIDENTE DE EXECUCIÓN DE 9.02.2010 E DE 22.03.2011. EXPTE. 1126/111.

B))SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 446/2010 P.A. DEMANDANTE: D^a M^a CARMEN COMESAÑA COLLAZO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 8-06-2010, ANULACIÓN ENTRADA DE VEHÍCULOS. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6250/111.

C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 324/2010 P.A. DEMANDANTE: PIGLEMFLOR. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 27-07-2010, CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6332/111.

D)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 29/2011 P.A. DEMANDANTE: D^a DOLORES FIGUEROA RODRÍGUEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 26-10-2010, CAIDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6455/111.

E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 319/2010 P.A. DEMANDANTE: D^a CARMEN LAGO VÁZQUEZ. OBXECTO: ACCIDENTE VEHÍCULO COLECTOR. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6328/111.

F)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 565/2010 P.A. DEMANDANTE: REALE SEGUROS GENERALES S.A. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 1-10-2010, ASOLAGAMENTO DE LOCAL NO CAMIÑO DA SEARA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6391/111.

G)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 402/2010 P.A. DEMANDANTE: D^a CRISTINA VALLE RIVEIRO. OBXECTO: DANOS VIVENDA. SENTENZA FIRME QUE NON É FIRME,

INADMITE O RECURSO POR DESVIACIÓN PROCESUAL. EXPTE. 6213/111.

H)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 317/2010 P.A. DEMANDANTE: D. ANTONIO OJEA GABRIEL. OBXECTO: CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. SENTENZA QUE NON É FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6062/111.

I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 321/2010 P.A. DEMANDANTE: Dª ADRIANA ROSA BLACH VERA E OUTRAS. OBXECTO: BASES PARA SELECCIÓN 3 FUNCIONARIOS INTERINOS. SENTENZA QUE NON É FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6296/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

4(495).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) TECNIGAL S.L. EXPTE. 3599/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 12.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a TECNIGAL S.L. a fianza de 1092,15 € constituída para responder da asistencia técnica e dirección facultativa da execución do proxecto e redes de abastecemento e saneamento na Rúa Pizarro, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) XESTIÓN AMBIENTAL. EXPTE. 3592/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 12.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.** as fianzas de 5.214,20 € e 521,42€ constituída para responder das melloras de beirarrúas na rúa Manuel de Castro xa que as obras foron recibidas mediante acta de 31.05.2007, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C) XESTIÓN AMBIENTAL. EXPTE. 3593/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 12.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.** as fianzas de 7032,00 € e 703,20€ constituída para responder das melloras de beirarrúas na Avda. Castelao, entre R/Tui e Redondela xa que as obras foron recibidas mediante acta de 31.05.2007, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D) FERNÁNDEZ Y HERMIDA. EXPTE. 1909/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 11.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a **FERNÁNDEZ Y HERMIDA**, a fianza de 2251,96€ constituída para responder da construción de beirarrúas na rúa Xuncal-Navia, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 12.01.2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

E) LOOMIS SPAIN S.L. EXPTE. 3282/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 11.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a **LOOMIS SPAIN S.L.**, a fianza de 6130,32€ constituída para responder do servizo de control dos colexios públicos Concello, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

5(496).- AUTORIZAR A DECATHLON A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 8.05.2011, A DECABIKE 2011. EXPTE. 10401/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 13.04.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

*“Autorizar a **DECATHLON** a organizar o vindeiro domingo 8 de maio de 2011, a **DECABIKE 2011**, este evento deportivo se levará a cabo dende o aparcadoiro de Samil ás 9.30 horas, pasando pola rúa do Rio, Cño. Dos Muíños, Ricardo Mella, Caramuxo, Avda. Florida, Alcalde Portanet, Parque de Castrelos, onde se levarán a cabo distintas actividades deportivos, unha vez rematadas volverase ao aparcadoiro de Samil onde rematará o evento arredor das 14.00horas”*

6(497).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA UTE IMES-ESCYSA, POLO MANTEMENTO DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES NO MES DE MARZO 2011. EXPTE. 13771/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos, do 5.04.11, conformado pola concelleira de área de Servizos Xerais, e co informe do Interventor Xeral do 11.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 46.457,81 Euros, correspondente á facturación do mes de marzo de 2011, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 1650.227.99.02, así como, recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo. .

7(498).- BASES DE SELECCIÓN DUN/DUNHA AXENTE TIC PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN. EXPTE. 7291/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 7.03.11, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do técnico de Intervención do 11.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar as bases de selección dun/dunha axente TIC para a execución do proxecto de cooperación coa Xunta de Galicia da rede CEMITt de fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, que se achegan no anexo 1.

2.-Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego a realización da convocatoria de selección unha vez aprobado o convenio de cooperación.

3. Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá o nomeamento dos membros da Comisión de Selección.

ANEXO I

BASES DE SELECCIÓN DUN/DUNHA AXENTE TIC PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA DA REDE CeMIT DE FOMENTO DO USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.

1º.- POSTO DE TRABALLO, FUNCÍONS E TITULACÍONS:

POSTO DE TRABALLO: AXENTE TIC

FUNCÍONS:

- Promoción do uso das TIC na poboación, en especial na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e estratexias de dinamización adaptada aos colectivos.
- Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas.

- Xestión da aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación
- Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Aportación de datos de seguimento e avaliación das actividades
- Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o acceso ás TICs como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova rede CeMIT
- Ser enlace entre o Concello e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da Información.
- Aportación de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no Concello de Vigo da nova Rede CeMIT
- Estender o coñecemento e uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas.

TITULACIÓNS:

Formación Profesional de Grado Superior en:

- Disciplina social y educativa: servicios socioculturales, integración social...
- Disciplinas del sector TIC: informática, sistemas de telecomunicación...

Titulacións de diplomatura o licenciatura:

- Nas áreas educativas e de formación: maxisterio, pedagogía.

2º.- NATUREZA E DURACIÓN DO VÍNCULO:

a) A natureza do vínculo está condicionada a resolución aprobatoria da subvención solicitada, e será de 'Funcionario Interino para a execución de programas de carácter temporal' a xornada completa, por ser un concello de máis de 5000 habitantes.

b) Duración: Segundo o protocolo de adhesión a Rede CeMIT, a vixencia do contrato será ata decembro de 2011, prorrogable por períodos anuais previa valoración e verificación por parte da Xunta do cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente.

c) Xornada de traballo: será de 36,25 horas semanais, con un horario de traballo de xornada continua (07:45 – 15:00 horas) ou partida (de 09:00 a 14:15 e de 16:15 a 18:45 horas) segundo as necesidades do servizo, tendo en conta a adecuación do horario á formación que se imparta no telecentro.

3º.- RETRIBUCIÓN:

A retribución será a establecida no para un posto de traballo de grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316.

A fundación para o fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, en convenio coa Xunta de Galicia, aportará o 80% do custe laboral do Axente TIC, ata un máximo de 21.986,00 € anuais, revisables no momento de acordar cada unha das prórrogas.

4º.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

a) Concurso de Méritos entre os/as aspirantes convocados/as:

- As persoal interesadas presentarán o seu currículum acreditado segundo o punto 4.b destas bases.
- Para acreditar a experiencia laboral presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais dos contratos de traballo ou certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegárase unha certificación de funcións.
- Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, co número de horas.

- Baremase unicamente, os currículums dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible. No caso de no presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- Non se reclamará nin recollerá ningunha documentación fóra do prazo estipulado.
- Os/as candidatos/as con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar a entrevista, reclamáranselle a presentación dos orixinais da vida laboral e o resto das acreditacións ou copias compulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.
- A comisión de selección decidirá cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

b) Valoración dos méritos: Axente TIC:

- Titulación Académica. Máx 2,00 puntos
 - 1.- Licenciatura en Pedagogía, Psicopedagogía, Psicología Social ou áreas relacionadas con educación e formación 2,00 puntos
 - 2.- Diplomatura en Magisterio, Educación social, traballo social 1,00 puntos
 - 3.- FP II ou Superior rama informática ou telecomunicaciónes 0,50 puntos

- Formación Complementaria Relacionada coa Actividade. Máx. 2,00 puntos
 - 1.- Masters cursos superiores relacionados coa actividade 1,00 punto
 - 2.- Masters cursos superiores en igualdade de xénero 1,00 punto
 - 3.- Outros cursos relacionados con formación e relacións humanas: formación dixital, formación continua, de inserción laboral, formación ocupacional, diseño de curso máx 1,00 punto

Por cada 20 horas 0,20
puntos

- Experiencia Profesional nas tarefas do posto de traballo. Máx 5,00 puntos
 - 1.- En programas de formación como axente ou docente TIC. Máx 3,00 puntos
 - Cada 6 meses 0,80 puntos
 - 2.- Programas Orientación Xuvenil, inserción laboral ou docencia Máx 2,00 puntos
 - Cada 6 meses 0,50 puntos

- Coñecemento do Galego (só se computará o de maior puntuación)
 - 1.- Iniciación ou equivalente 0,15 puntos
 - 2.- Perfeccionamento ou equivalente 0,25 puntos

- Méritos relacionados coa Informática. Máx 0,75 puntos
 - 1.- Por curso de entre 20 – 49 horas 0,05 puntos
 - 2.- Por curso de entre 50 – 249 horas 0,10 puntos
 - 3.- Por curso de máis de 250 horas 0,25 puntos

c) Exercicios de selección:

1. Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o Anexo I “Temas xerais”, que determinará o dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cinco (5) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de dous con cincuenta (2,50) puntos.

O órgano de selección, á vista do número e nivel de coñecementos das e dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta. Os aspirantes deberán ser informados de tal extremo.

2. Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos *windows* ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (*open office* ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección e terán relación cos temas que integran o Anexo II "Temas específicos". Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cinco (5) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de dous con cincuenta (2,50) puntos.

3. Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará o órgano de selección e avaliarase de 0 a 1 punto.

O aspirante que non obtivese 0,5 puntos como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na orde do de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignará 1 punto.

A puntuación total será a resultante de sumar a puntuación obtida na valoración de méritos e a obtida nos exercicios de selección.

5º COMISIÓN DE SELECCIÓN:

O Órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción de secretario/a e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual.

Composición:

- O Xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.
- Un funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos da rama de administración xeral, que actuará como Secretario/a.
- Vocais: Tres funcionarios/as ou laborais fixos, do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autonómicos.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Promoción Económica e Emprego, cos titulares e suplentes correspondentes con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto a súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

6º.- LISTA DE SUBSTITUCIÓNS:

Os/as candidatas/os que non foran contratados e tendo superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados para substitucións ou postos de traballo doutros programas do Servizo de Emprego”.

7º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- a) Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.
- b) Prazo: 3 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei, 1. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica e Emprego.
- d) Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.
- e) Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.
- f) En todo caso, a formalización, duración e incidencias do contrato que se realice finalmente o aspirante seleccionado, estará suxeito, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa integrado de emprego subvencionado, de duración máxima estimada na resolución aprobatoria da subvención de 12 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006,(disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa os aspirantes.
- g) A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións.

Anexo I

Temas xerais.

Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.

Tema 3.- A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 5.- Organización e competencias municipais.

Tema 6.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 7.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

Tema 8.- Principios orzamentarios na Lei reguladora de facendas locais.

Tema 9.- Lexislación de protección de datos de carácter persoal

Anexo II

Temas específicos.

Tema 1.- Comunicacións de voz: Central telefónica Ibercom. Tipos de terminais. Facilidades: desvíos, grupos, conferencia múltiple, sígame...etc.

Tema 2.- Programas seguros, inseguros e nocivos. Virus.

Tema 3.- Sinatura electrónica. DNI electrónico. Uso na administración.

Tema 4.- S. O. WINDOWS, Instalación de software; configuración de dispositivos; Compartición de carpetas; Configuración da rede.

Tema 5.- S. O. WINDOWS, Agregar ou quitar programas; Agregar novo hardware; Ferramentas do Sistema; Administrador de tarefas; Configurar impresoras.

Tema 6.- Open Office: ferramentas de configuración; Configuración do idioma e dos dicionarios. Configuración base de datos.

Tema 7.- Open Office WRITER: diferenzas con Word. Formateado de texto. Combinación de correspondencia. Estilos.

Tema 8.- Open Office CALC: diferenzas con Excel. Uso de fórmulas. Formateado de celas.

8(499).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO DA GUÍA BREVE DA EXPOSICIÓN “VIGO, SÉCULO XIX. O NACEMENTO DUNHA CIDADE”. EXPTE. 4331/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director do Museo, do 4.04.11, conformado polo delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

“Poñer á venda 1.000 guías breves, das 2.000 editadas co gallo da exposición “Vigo. Século XIX. O nacemento dunha cidade” a un prezo unitario de venda ao público de TRES (3) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio do museo”

9(500).- SERVIZO DE TRANSPORTE Á CIDADE UNIVERSITARIA MEDIANTE LANZADEIRAS DENDE PRAZA DE ESPAÑA E PRAZA DE AMÉRICA ANO 2011. EXPTE. 79457/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Transportes, do 4.04.11, conformado polo concelleiro delegado, co informe do Interventor Xeral do 13.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1) Manter a modificación do sistema de transporte a Cidade Universitaria Lagoas Marcosende mediante lanzadeiras dende a praza de España e praza da América implantado na data 2 de maio de 2000, ata o 31 de decembro de 2011, nas seguintes condicións:

LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA

franja horaria	Frecuencia	Coches	Viaxes
8:10 a 9:10	10´	6	12
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12

19:10 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		78	

LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA

Franxa horaria	frecuencia	coches	Viaxes
8:10 a 9:10	15´	4	8
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:00 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		74	

TOTAL DE VIAXES POR DÍA EN AMBAS LANZADEIRAS	152
---	------------

1 viaxe cotiá praza de América-Cidade universitaria por Valadares ás 8,10 horas.

Os transbordos coas lanzadeiras poderán realizarse durante un prazo de 75 minutos dende a cancelación do primeiro viaxe.

2) Como contraprestación económica polo servizo prestado practicarase unha liquidación mensual coa seguinte formula:

$$(P_k * (K_n/D_n - K_o/D_o) - P_{bn} * (U_n/D_n - U_o/D_o)) * D_n$$

Onde

K_n Km rodados ó mes en lanzadeiras + R7 (ano liquidación)

K_o Km rodados ó mes en CUVIS + R8 (ano referencia 1999-2000)

U_n N° usuarios lanzadeiras + R7 (ano liquidación)

U_o N° usuarios CUVI + R8 (ano referencia 1999-2000)

P_{bn} Prezo billete

P_k Prezo coche-km.

D_n N° días lectivos/mes (ano liquidación)

D_o N° días lectivos/mes (ano referencia 1999-2000)

Se o resultado final da liquidación é menor que cero, VITRASA ingresaralle ao Concello a cantidade resultante no prazo de 30 días, se é maior que cero facturaralle ao Concello a diferenza mensualmente.

O prazo de vixencia do acordo prevese ate o 31 de decembro de 2011: no obstante si durante o período de prestación do servizo e como consecuencia dos estudos de transporte colectivo urbano, se propón a modificación do mesmo ou os resultados das liquidacións efectuadas de acordo coa anterior formula esgotasen o crédito existente, poderá adoptarse un novo acordo .

3) Aprobar o gasto, e a dispoñibilidade do crédito que se derive do contido da modificación do servizo proposta até un importe de 779.900 euros con cargo á partida 44104700000 Subvención Lanzadeiras do orzamento vixente correspondente ao ano 2011 .

10(501).- ENAXENACIÓN PARA CHATARRA DE MOTOCICLETAS MUNICIPAIS. EXPTE. 8300/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Parque Móbil, do 5.04.11, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenacion para chatarra das motocicletas municipais:

- 3970-BSV
- PO-5869-BD

11(502).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5142/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 7.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, co informe do letrado asesor do 21.03 e do 11.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 8.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” (CIF 36821817).
2. Autorizar o gasto de 13.000 € con cargo á partida 9240.4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO”

En Vigo, de de dous mil once,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra D^a Ana Gil Lodeiro en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo”, con CIF: 36821817, e domicilio en Rúa San Xosé, 22 Baixo de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 5142 -320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo - AGARIMO”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral.
- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a todas as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal. Coñecedores da necesidade para esta cidade e os seus veciños da dispoñibilidade dun local social onde realizar as súas actividades, e en consideración ao interese social, público, e económico que provocan as mesmas, as cales redundan no beneficio da cidade, e considerando que a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” e unha das mais importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo, xunto coa urxencia e precariedade á que están suxeitos, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 9240.4890006, prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 13.000 € a favor da Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e educativo, que veñen recollidas no Anexo I que se acompaña.

V.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 5142-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Agarimo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento, promoción, formación e información dirixida aos consumidores e usuarios no fomento de hábitos de consumo e do coñecemento dos seus dereitos e, concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.

Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto coa memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 6ª.

Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.

Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.

Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

Darles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente que son actividades subvencionadas pola concellaría de Participación Cidadá e respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

a) Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

b) Conceder directamente á entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” unha subvención por importe de 13.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento da asociación.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa Asociación Agarimo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a)Solicitud de liquidación final.

b)Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datos e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

a)Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b)Facturas ou documentos xustificativos orixinais (*posible devolución conforme ao apartado d.1*)), polo importe total da subvención outorgada.

d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.+
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, de data 11.03.2011, conformada polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 7.04.2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobación do Modificado Nº 1 do proxecto de obra “Execución de beirarrúas e carril bici na rúa Xulian Estevez” , que non produce variación do orzamento económico aprobado.

29(520).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE OBRA “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A LOCAL MUNICIPAL NA BAIXADA A RIOS” (EDIFICIO GARAVILLA). EXPTE. 8021/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, de data 7.03.2011, conformada polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 11.04.2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 15.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobación do Modificado Nº 1 do proxecto de obra “Rehabilitación de Edificio destinado a local municipal na Baixada a Rios” (Edif. Garavilla), que non produce variación do orzamento económico aprobado.

30(521).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE OBRA “HUMANIZACIÓN AVDA. GALICIA DENDE O Nº 1 ATA O 120”. EXPTE. 8019/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, de data 11.03.2011, conformada polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 7.04.2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Aprobación do Modificado Nº 1 do proxecto de obra “Humanización Avda de Galicia dende o nº 1 ata o 120” , que non produce variación do orzamento económico aprobado.

31(522).- NOMEAMENTO DE SEIS FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS DE POLICIA LOCAL (QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL) CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2008. EXPTE. 21952/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, de data 13.04.2011, conformada pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**Primeiro.**- Nomear funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes de Policía Local, aos aspirantes propostos polo órgano de selección designado para a provisión de 6 prazas de Policía Local (quenda mobilidade horizontal) correspondentes á Oferta de Emprego Público

2008, toda vez que se acredita segundo acta de data 6 de abril de 2011 que superarán a máxima puntuación na fase do concurso, e que son:

Don Luis Colmenero De La Torre..... 23'975 puntos.
Don José Angel Portela Saavedra..... 19'055 puntos.
Don José Antonio Veiga de Sousa..... 17'805 puntos.
Don Matías Rodríguez Pousa..... 17'51 puntos.
Don Antonio Martínez Rocha..... 15'895 puntos.
Don Fernando Gómez Ferreira..... 15'735 puntos.

Segundo.- De conformidade co disposto na base XVI das Xerais, os/as aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo dun mes a contar dende a recepción do presente acordo, significándose que, quen non o faga sen causa xustificada será declarado/a en situación de cesante e, consecuentemente, decaído/a no seu dereito a ser nomeado/a funcionario/a de carreira por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto”.

32(523).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO. EXPTE. 7667/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa do departamento de Medio Ambiente, de data 23.03.2011, conformada pola concelleira delegada de Medio Ambiente, e co informe do Interventor Xeral do 6.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Único.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, con C.I.F.: G-36.638.955, correspondente ás facturas de datas 10/01/2011 (doc. 110002196), e 09/03/2011 (doc. 110029012 e 110029009), polo concepto de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas” por importe de 8.000 euros cada unha, con imputación á partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor.

33(524).- RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFIA E MICROVIDEOS “OS DEREITOS DAS MULLERES. RESOLUCIÓN CREATIVA”. 8 DE MARZO 2011. EXPTE. 4941/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, de data 18.04.2011, conformada pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º) Rexeitar dúas obras presentadas á modalidade de fotografía dixital que de seguido se indican, por non axustarse ás bases do concurso:

Fotografía presentada baixo o título “*Que a bata non abata*“ exclúese da valoración por terse exhibido previamente por internet, incumprindo a base terceira das bases.

Fotografía presentada baixo o título “*Sapere Aude*“ exclúese da valoración por non respectar o formato e as características técnicas contempladas na base cuarta das bases.

2º) Non admitir a concurso á inscrición realizada por D. Ángel Alonso González, ao realizarse fóra do prazo establecido nas bases do mesmo.

3º) Conceder o primeiro premio do concurso de fotografía dixital e microvídeos “*Os dereitos das mulleres. A Revolución creactiva*”.*Día Internacional da Muller 2011*, na modalidade de fotografía dixital a Dona Yolanda Martínez Suárez, con DNI 44833940-V, pola presentación da fotografía gañadora do concurso presentada baixo o lema “*Deixame ceibas as mans*“. O premio, recollido na base oitava das bases, consistirá nun bono, por importe de 500 euros, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

4º) Conceder o primeiro premio do concurso de fotografía dixital e microvídeos “*Os dereitos das mulleres. A Revolución creactiva*”.*Día Internacional da Muller 2011*, na modalidade de microvídeos a Don Julián Maguna Lago, con DNI 36147880-E, pola presentación do microvídeo gañador do concurso presentado baixo o lema “*Microvídeos con macromensaxe*“. O premio, recollido na base oitava das bases, consistirá nun bono, por importe de 500 euros, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

5º) Non conceder accésit en ningunha das dúas modalidades do concurso”

34(525).- AUTORIZACION A D. ANTONIO VIVERO MIJARES A PARTICIPAR NO X CURSO SUPERIOR DE DIRECCIÓN PÚBLICA LOCAL. EXPTE. 34661/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local, de data 7.04.2011, co conforme do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, e cos Rcs. da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a D. Antonio Viveiro Mijares, funcionario de carreira do Concello de Vigo, con posto de traballo de Adxunto Xurídico da Policía Local, a participar no X Curso Superior de Dirección Pública Local convocado polo Instituto Nacional de Administración Pública mediante resolución de 26 de outubro de 2010,(BOE nº 278) e asistir ás clases presenciais que terán lugar en Madrid, C/ Atocha 106, nas datas de 25,26,27 e 28 de abril de 2011, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización.

2.- A Comisión dará comezo pasadas as 14:00 do día 24 de abril e rematará pasadas as 22:00 horas do 28 de abril.

3.- A Comisión de Servizo autorizada non consumirá crédito horario con cargo á formación, segundo o disposto no apartado 10.1 da Resolución da Secretaria Xeral do Estado para as AAPP, de 20 de decembro de 2005

4.- O desprazamento entre o aeroporto, estación de ferrocarril ou autobús de Madrid e o lugar de aloxamento , tanto ao comezo como á finalización da comisión, levarase a cabo en metro, podendo por causa xustificada utilizar o servizo de taxi.

5.- Autorizar o gasto de 432,18 € en concepto de dietas, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2302000 (dietas para persoal) e 500 € con cargo á aplicación 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo) , así como o libramento de fondos a xustificar polo importe de 932,18 €, a nome do Superintendente Xefe da Policía Local, D. Carmelo del Castillo Martín, con DNI. nº 70.313.787G.

35(526).- AUTORIZACION A D^a ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO A PARTICIPAR NO X CURSO SUPERIOR DE DIRECCIÓN PÚBLICA LOCAL. EXPTE. 34662/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, de data 7.04.2011, co conforme do concelleiro delegado de dita área, e cos Rcs. da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, posto de traballo de Xefa de Seguridade, , a participar no X Curso Superior de Dirección Pública Local convocado polo Instituto Nacional de Administración Pública mediante resolución de 26 de outubro de 2010,(BOE nº 278) e asistir ás clases presenciais que terán lugar en Madrid, C/ Atocha 106, nas datas de 25,26, 27 e 28 de abril de 2011, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización.

2.- A Comisión dará comezo pasadas as 14:00 do día 24 de abril e rematará pasadas as 22:00 horas do 28 de abril.

3.- A Comisión de Servizo autorizada non consumirá crédito horario con cargo á formación, segundo o disposto no apartado 10.1 da Resolución da Secretaria Xeral do Estado para as AAPP, de 20 de decembro de 2005

4.- O desprazamento entre o aeroporto, estación de ferrocarril ou autobús de Madrid e o lugar de aloxamento , tanto ao comezo como á finalización da comisión, levarase a cabo en metro, podendo por causa xustificada utilizar o servizo de taxi.

5.- Autorizar o gasto de 432,18 € en concepto de dietas, con cargo á aplicación orzamentaria 1330.2302000 (dietas para persoal) e 500 € con cargo á aplicación 1330.2312000 (locomoción do persoal non directivo) , así como o libramento de fondos a xustificar polo importe de 932,18 €, a nome do Xefe de Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, D. Juan Comesaña Alén, con DNI nº 35977546A

36(527).- BASES DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS CON CONCERTO, CURSO 2011-2012. EXPTE. 61511/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da coordinadora do servizo de AMES, co conforme do xefe de área de Benestar Social e da concelleira delegada da área, co informe do letrado asesor do 14.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 15.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2011/2012.

2.- Comprometer o gasto de 40.000 euros para axudas de libros os/as alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa), con cargo á partida 2310.4810000, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080.0000.7.0040242619

3.- Comprometer o gasto de 660,000 € con cargo á partida 2310.4810000 para axudas municipais escolares de comedor curso 2011-2012. Desta cantidade 243.000 € imputaranse ao exercicio 2011, e o resto, 417.000 € con cargo o exercicio 2012. A contía do ano 2012 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria de ese exercicio. Ámbalas dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080.0000.7.0040242619

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2011/2012.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria (servizos de atención comunitaria na nova Lei). Do mesmo xeito, determinase en ambas leis que as administracións poderán conceder axudas económicas para apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios reitores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo hai mais de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a alumnos/as matriculados en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2011-2012.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas. Os programas subvencionables serán:

2. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa).

3. Axudas para comedores escolares (setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que, por escasez de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 700.000 € na partida 2310.4810000 do orzamento de gastos, tanto no ano 2011, 283.000 euros, como no 2012, 417.000 euros, coa seguinte distribución: 40.000 € para libros e material escolar (educación infantil 2ª etapa) e 660.000 € para axudas de comedor.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina de internet www.vigo.org. Anunciarase, igualmente, no *Boletín Oficial da Provincia* a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fixase do 2 ao 13 de maio de 2011, ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e das UTS nos restantes casos, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera).

CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba tres tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria, reunindo os requisitos establecidos na base sexta

Modalidade B.- Con carácter excepcional, co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se puideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada polos técnicos do Departamento, ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo primeira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de espera única proveniente da convocatoria ordinaria.

Os beneficiarios estarán matriculados, no curso 2011/2012, en centros públicos ou con concerto pleno nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria 6 a 12 anos

- Educación Secundaria Obligatoria 12 a 16 anos

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concorrència competitiva.

Os beneficiarios da modalidade B integraranse na lista de espera existente, proveniente da convocatoria ordinaria, en función da renda per cápita obtida.

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o Concello de Vigo a través das FOANPAS e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para comedor, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo, no caso de ter percibida outra axuda

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros, material escolar e comedor. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroadada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.
- Con respecto á axuda de comedor débese contar con praza no mesmo, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.
- Que a renda per cápita bruta anual da unidade familiar non exceda do importe do IPREM, que equivale ao 125% do subsidio básico da Renda de Integración Social de Galicia para o ano 2011, equivalente a 7.455,14 euros anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ao subsidio básico da Renda de Integración Social, 6.390,12 euros anuais.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean ubicados no termo municipal de Vigo.

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

- a) Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I, asinado por tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos.
- b) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante, e dos membros maiores de 16 anos.
- c) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- d) Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten, libros e material escolar, aportarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2011/12 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.
- e) Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2011/2012.
- f) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade no caso de que algún fillo da familia esté afectado por ela, ou resolución de invalidez.
- g) No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación

acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos; informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar do ano 2010. No caso de existir un menor na unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este fillo computará por dous membros, no caso de que a discapacidade sexa superior ao 65% este fillo computará por tres membros.

A lista de concesión farase por orden inverso ao da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada polo/a Concelleiro/a Delegado/a que actuará de presidente; o xefe de área de Acción Social; a xefa de Servizo, técnica responsable do programa e a técnica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social.

Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, renda per cápita anual, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor), resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.
- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non aportan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Supera os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/A alumno/a non está matriculado/a.

- Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.

- Lista de espera: coa seu correspondente orde, por renda per cápita

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instrutora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á partida 2310.4810000 “Becas libros, material escolar e comedor” do orzamento de Benestar Social Concello do ano 2011 e 2012, por uns importes máximos de 40.000€ para axudas de libros e material escolar de Educación infantil (2ª etapa) e 660.000 € para comedor do curso 2011/2012.

DECIMO TERCEIRA.- Contía , pagamento das axudas e xustificación.

1.- Contía para libros e material escolar

Educación infantil (3, 4 e 5 anos) 75,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais. Ditos cheques aboaranse no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo ata o 30 de outubro de 2011.

Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboarásele ao/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

2.- Contía para comedor

O prezo da praza de comedor será comunicado polo Centro escolar, previamente deducidas as subvención recibidas ou pendentes de recibir, para a mesma finalidade, ao Departamento de Benestar Social do Concello,

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a será como máximo de 41 € .

Nos meses de decembro de 2011 e abril de 2012, aboarase o 70% do custo total mensual do comedor, en lugar do 100% por ter menos días lectivos.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

3.- Pagamento das axudas de comedor

As axudas concédense ás familias e pagaranse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvenciones, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos, de acordo a súa finalidade, responsabilizándose de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Benestar Social.

4.- Pago á entidade colaboradora e seguemento das axudas.

O pago realizarase mediante transferencias dende a conta habilitada 2080-0000-74-0040242619 do Departamento de Benestar Social á conta corrente de cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de aboamento aos centros educativos faranse de xeito anticipado en tres prazos:

- O primeiro, ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado correspondente ao 40 por 100 do importe correspondente á resolución definitiva de beneficiarios/as.
- O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ao 80 por 100 de todas as becas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pago.
- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100 por 100 do importe total de todas as becas, en función das necesidades reais satisfeitas nos pagos anteriores e previo reaxuste da cantidade concedida nos mesmos.

Unha vez finalizado o curso escolar, a dirección do centro certificará a utilización do servizo de comedor durante todo ou parte do curso por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ao pago dos servizos de comedor, achegando á mesma os listados de firmas dos pais, nais e/ou titores.

No pago do segundo e terceiro aboamento regularizaranse os correspondentes axustes debidos aos traslados ou renuncias dos alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso as cantidades que correspondan as baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de espera.

O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a trasladarase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros alumnos, que téndoa solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de agarda con menor renda per cápita, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase

desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Os prazos contaranse a partir do día seguinte da publicación.

Contra a resolución individual poderán interpoñerse recursos potestativos de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello e das Unidades de Traballo Social.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos beneficiarios

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia, as que seguen:

Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.

Comunicar o Departamento de Benestar Social ou ó centro educativo as baixas.

O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.

O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a.

O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.

DÉCIMO SEXTA.- Revocación e réxime sancionador

- a) No caso das axudas de libros e material escolar, revocarase a subvención concedida cando esta non fora destinada ao fin para o que foi concedida.
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a éste sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse o/a alumno/a coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 2011-2012.

A suspensión comezará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

- c) Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉPTIMA.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de

subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

37(528).- ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE A POLICIA LOCAL POR REALIZACIÓN DE XORNADAS DE REFORZO NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO 2011. EXPTE. 21959/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, de data 13.04.2011, conformada pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, que a continuación se transcribe:

En data 11 de abril de 2011 asínanse Resolucións da Alcaldía Presidencia polas que se ratifican as instrucións dadas ao Xefe do corpo da Policía Local polo Concelleiro-delegado de mobilidade, seguridade, tráfico e transportes, coa conformidade do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal, prestando a súa conformidade as xornadas de reforzo realizadas, en atención as especiais circunstancias de necesidade e urxencia do reforzamento puntual do servizo nos meses de xaneiro e febreiro de 2011.

No punto segundo da devandita resolución, propónse o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do Servizo da Policía Local que teñen participado na realización de reforzos nos meses de xaneiro e febreiro de 2011, en atención a súa especial adicación e interese co que teñen realizando o seu traballo.

Remítense expedientes 34667-212 e 34668-212 de datas 12 de Abril de 2010, asinados polo Superintendente xefe da policía local e conformados polo concelleiro-delegado da área, nos que se propoñen as cantidades a percibir por cada un dos funcionarios participantes, o que supón un importe total de **120.597,12€**.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A produtividade proposta trae causa nos Decretos da Alcaldía-Presidencia de data 11 de Abril de 2011, incluídos no expediente, no cal se ratifican as instrucións proporcionadas polos Concelleiros-delegados de Mobilidade e Seguridade e Xestión Municipal e á xefatura do Corpo e, onde se propón o outorgamento dun complemento de produtividade, que deberá ser proposto polo servizo da propia Policía Local e outorgado polo órgano competente (Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local). Así, trataríase dun suposto de especial rendemento, adicación o interese co que os funcionarios adscritos ao Corpo desenvolveron as tarefas encomendadas polos citados concelleiros-delegados e ratificadas pola Alcaldía-Presidencia.

Tratase dun suposto ordinario de outorgamento de complemento de produtividade dos recollidos nas vixentes Instrucións de Plantilla (instrución terceira, parágrafo final) e no artigo 28.1, da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2011 en relación cos artigos 1, 2 e 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións do persoal ao servizo da Administración Local.

